

VALENTÍN, DILLES QUE AÍNDA SOMOS

Andarás arestoras, cando escribo en noite dende Cangas, dando voltas na espiral da primavera que comeza; por acaso ao gallope nese cabaliño de salgueiro que soñamos naquela pouca infancia. Os universos seica son cativos. E nós sorrimos por te saber de noso, correspondente e tradutor, amigo do profundo. Alguén chega no silencio e peta na porta ou pasa sen licencia cabo dos horarios: “eih, veña, ven”. Sempre foi así dende as distancias dos milenios. Fica a memoria do que amamos; e sempre está de primeira a imaxe e aquela voz de seu cos fonemas que conforman a música da Lingua que nos daban nai-pai, sorrindo coas palabras.

Así foi, caro amigo, a primeira vez de nolos dous, de nolos catro: tamén Amparo e María. Elas, que nunca son alleas ás viaxes de quen aman. E comparten, e repenican as cantigas naqueles pentagramas da muiñeira xuvenil e paren descendencia, para que nós saibamos. Así era aquela mañá de frío, na Terra do Medio. A conversar do patrimonio. Na Gallaecia somos palabreiras e palabreiros, botamos por fóra, é un desabafo. E nace o compromiso de nos seguir sabendo necesarios en todas as distancias do tempo e dos lugares. Hai unha maxia no percorrido das datas e dos feitos, os calendarios. Esta na que agora escribo para min e para o mundo que máis quero e digo valentín arias lópez en voz do íntimo, caladiña, coma quen pronuncia a familia na lareira e nas searas, no mar da casa e no mar de fóra. Ese mundo. E vou e abro a fiestra da choupana e vexo Vigo máis alá da chuvia. Un barco quero axiña para estar aí. E que me digas, contes da Galaxia das palabras. E que me ensines aquela voz e os ecos das sucesivas infancias que ti formabas para a vida do diario. E repases a biografía de Sarria e todas as distancias sexan perto. E digas coma en sempre os tantas veces *obrigados* para quen nos daban a luz do candil e das sabedorías, as consciencias solidarias de facermos Terra e Pan coas nosas maus de honra e compromiso. Se digo *Avelino Pousa Antelo* vaste pór ben ledos: o teu mestre fareiro, o que ben e tanto quere e fala de ti, o noso bailador de tantos anos. E se remato esta crónica larpeira coas palabras digo *don Paco Fernández del Riego*, e vas ficar en agarimo doutra aperta para el, que tamén é a miña. E poderíamos seguir e seguir e proseguir coas datas e cos nomes que viaxan cabo túa por “un monte de bicos”, que dicimos no Morrazo. Sexas sempre así de farturento e xeneroso nas outras avenidas, nas terras e nos mares. E manda cando queiras un agarimo na música dun xílgaro, na voz do paspallás, no canto das baleas... Somos tantas e tantos, sempre teus. Quero que o saibas.

Xosé Vázquez Pintor